

# ***As Academias Literarias da Universidade de Santiago e a Academia Médica de Emulación no período 1947-1850***

Rafael Sisto Edreira

## **Resume**

Neste artigo indágase na actividade das academias escolares ou literarias vencelladas a algunhas das facultades da Universidade de Santiago de Compostela a mediados do século XIX. Faise especial referencia ás de maior contido científico, comparando a súa orixe e desenvolvemento coa da *Academia Médica de Emulación*, institución chave na introducción da investigación científica en Galicia. Valóranse os aspectos que posibilitaron innovacións no eido educativo, así como aqueles que permitiron que a actividade científica desenvolvida acadara altas cotas de institucionalización, interdisciplinaridade, relevancia, difusión e recoñecemento.

## **Abstract**

In this paper, we inquire into activities of Literary Academies (students' academies) linked to University of Santiago de Compostela faculties during the mid XIX<sup>th</sup> Century. We pay special attention to academies with greater scientific content and their origin and development are compared with *Academia Médica de Emulación*. This was a key institution to introduction scientific research in Galicia.

The factors what made possible innovations into educational fields are valued, just like other factors that facilitated scientific activity would get high level of organisation, interdisciplinary nature, outstanding, diffusion and recognition.

## **Introducción**

Investigacións precedentes<sup>1</sup> permitíronnos situar as décadas centrais do século XIX como un dos momentos nos que a actividade científica desenvolvida na Universidade de

---

<sup>1</sup> Avelino Franco et al., "Contribución da Escola Médica Compostelana á introducción e establecemento da anestesia en España", *Ingenium*, Sada-A Coruña, vol. 3, 1992, pp. 9-29; X. A. Fraga Vázquez e Rafael Sisto "Scientific institutionalization in Galiza (Spain) at 19th century. Initial approach and first results", en *Abstracts-Symposia. XIX International Congress of History of Science*.

Santiago de Compostela, tiña acadado maiores cotas de institucionalización, interdisciplinaridade, relevancia, difusión e recoñecemento. Un dos piares desta situación semellaba, referencialmente, se-la *Academia Médica de Emulación*, institución case descoñecida na Historia da ciencia e da educación en Galicia.

A *Academia Médica de Emulación* mantivo a súa actividade entre 1847 e 1850, realizada fundamentalmente a través das sesións públicas e privadas da propia Academia e da publicación dun periódico no que se recolleron algunhas das investigacións desenvolvidas polos seus socios. O intento de relacionala con outras institucións semellantes, e de distinguila doutras corporacións que compartiron o nome de *academias*, levounos a centrar a nosa atención nas academias literarias ou escolares, institucións educativas creadas no seo dalgunhas facultades universitarias no remate do século XVIII.

O feito de que o período no que a Facultade de Filosofía mantivo de forma máis estable -e máis documentada- a actividade das súas academias (unha de ciencias e outra de letras), coincida cos anos de existencia da Academia de Emulación, propiciou que os estudos dun xeito paralelo e complementario, toda vez que os estudos de Filosofía eran preparatorios para o acceso ás chamadas Facultades Maiores (Medicina entre elas) e que mesmo se daban fondas conexións persoais entre as dúas academias. O devandito conleva tamén que tratemos máis superficialmente as academias literarias da sección de letras, preparatoria para as carreiras de Leis e Teoloxía.

A falta de estudos previos condicionou en grande medida este traballo, de xeito que só pode ser considerado unha primeira aproximación a dous tipos de institucións que condicionaron en grande medida o nivel da actividade científica e educadora da Universidade de Santiago de Compostela a mediados do pasado século.

## 1. O concepto de *Academia*. Historia e diversidade

O nome de *Academia* foi empregado na ciencia con diversas acepcións ó longo da historia. Ademais de asignarse esta denominación a algúns centros de estudio e de ensino

---

Zaragoza, 1993, p. 56/8; Manuel Bermejo et al., "O Patrimonio Científico", en M<sup>º</sup>. D. Vila Jato (coord.), *O Patrimonio histórico da Universidade de Santiago de Compostela. Estudos*, Universidade de Santiago de Compostela-Parlamento de Galicia, 1996, pp. 163-227

<sup>2</sup> Juan de Ariza, "Academias", *Boletín Oficial del Ministerio de Comercio, Instrucción y Obras Públicas*, nº 4, 7 e 9, 1848, p. 178.

dende a época dos filósofos gregos ou incluso con anterioridade, o máis común dos significados refírese ás institucións que algúns historicamente definen como “a reunión dun determinado número de homes, peritos nas ciencias ou nas artes, que co caudal dos seus coñecementos individuais pretenden formar o rico tesouro dunhas e outras”<sup>2</sup>.

Tamén recibiron o nome de *Academias* as xuntanzas periódicas escolares de profesores e alumnos, enmarcadas no ámbito docente e formativo, na que os alumnos expoñían individualmente un tema someténdose ás obxeccións dos compañeiros. Este tipo de actos -máis comúns nunhas materias ca noutras-, xeralizáronse nas universidades españolas dende os últimos anos do século XVIII, pervivindo durante boa parte do XIX.

A *Academia Médica de Emulación*, creada en Santiago de Compostela en 1847, tomou, como veremos, características comúns ós dous tipos de academias citadas, pero presenta caracteres propios que conforman un proxecto diferenciado dos anteriores modelos, que valoramos como progresista na época, innovador no marco educativo e da investigación científica, aberto e interdisciplinar.

### 1.1. As Academias de sabios e ilustres<sup>3</sup>

Os primeiros exemplos deste tipo de Academias, xa con carácter moderno, atopámoslos en Italia a mediados do século XVI. Co sostén económico dos Médicos foron creadas a *Accademia Fiorentina* (1540), a *Accademia del Disegno* (1563), a *Accademia della Crusca* (1582) ou a famosa *Accademia del Cimento* (1657)<sup>4</sup>. Outros estados europeos crearon, baixo a protección real, institucións semellantes; entre outras, podemos citar a *Académie française*, fundada no ano 1635 co obxecto de fixar o idioma, a *Académie des Sciences* de Paris, creada en 1666 co apoio de Luis XIV, a *Society of London for Impro-*

---

<sup>3</sup> A denominación de Academias de sabios ou ilustres é persoal, e dirixida a diferenciarlas do outro tipo de academias que se citan neste traballo.

<sup>4</sup> Jean Pierre Clément, *Las instituciones científicas y la difusión de la ciencia durante la Ilustración*, Madrid, Akal, 1993, p. 30.

<sup>5</sup> Os datos sobre a orixe das distintas academias están tomados de Jean Pierre Clément, *op. cit.*, p. 31; de Juan de Ariza, *op. cit.*, *passim.*; e de Mariano González, “Discurso acerca de las principales escuelas y sociedades literarias, especialmente de las de Medicina y sus ciencias auxiliares de Europa”, *Gaceta de Madrid*, 20, 26, 27, 28, 29, 30 e 31 de outubro de 1842. Debemos aclarar que, en varios casos, as datas de creación resultan moi contradictorias, polo que consignamos as que reunían maior consenso.

*ving of Natural Knowledge*, creada no 1660 (que pasou a chamarse *Royal Society* ó recibir dous anos despois a protección real), a *Academia naturæ curiosorum*, fundada en Viena ano ano 1652, ou a Academia de Ciencias e Artes de Berlín, que data do ano 1700<sup>6</sup>.

No Estado español, o nome de “Academias” asociámolo ás institucións ilustradas, unhas de carácter público e outras privadas, que nacen ou se consolidan coas reformas de Carlos III, e que tratan de difundir e asentarse os principios da ciencia moderna. É o caso da *Real Academia Española* (1714), da *Academia médica Matritense* (1734), da *Real Academia de la Historia* (1738), da *Real Academia de San Fernando y de las Bellas Artes* (1752) ou da *Conferencia física-experimental* de Barcelona (1764), logo transformada na *Academia de Ciencias y Artes* (1770). Cara o final de século creanse outras, algunhas xa especializadas coma a *Real Academia Médico-práctica de Barcelona* (1791).

Cómpre sinalar o importante papel xogado por estas institucións nun tempo no que as universidades resultaban incapaces de difundir-los modernos saberes científicos e técnicos. Asentadas na escolástica e na doutrina aristotélica, os procesos de introducción da nova ciencia foron lentos e, moitas veces, en contra da tenaz resistencia dos claustros inmobiliarios.<sup>6</sup>

As institucións ilustradas nacen, en Galicia, máis interesadas no desenvolvemento económico que no científico ou educativo, pero levan asociadas actividades similares ás logo asumidas polas modernas academias. A primeira institución galega que tivo este carácter foi a *Academia de Agricultura del Reino de Galicia*, inaugurada o 20 de xaneiro de 1764 na cidade de A Coruña, tralas xestións realizadas por Xulián Robiáu, marqués de Piedra-buena e Intendente do Exército e do Reino de Galicia<sup>7</sup>.

---

<sup>6</sup> Esta opinión, compartida pola xeralidade dos investigadores, pode verse con detalle no referente á Universidade de Santiago no traballo R. Sisto e X. A. Fraga, “A recepción da ciencia moderna na universidade de Santiago, 1772-1845. A incorporación da Física e a Química e o labor docente dos colexios prácticos”. *Ingenium*, vol. 5, 1996, pp. 23-58.

Sen embargo, segundo a nosa opinión, a importancia das academias foi magnificada nalgúns traballos -sobretudo cando se xeraliza-. Este pode ser o caso de A. Neira de Mosquera, *Monografías de Santiago*, Santiago, Bibliófilos Gallegos, 1950 [Texto reproducido en Martínez Rodríguez, “La etapa reformista (1748-1845). Ciencia moderna y centralización”, en *La Universidad de Santiago*, Santiago, Publicacións da Universidade de Santiago, 1980, p. 41]

<sup>7</sup> Fausto Dopico, *A Ilustración e a sociedade galega*, Vigo, Galaxia, 1978, pp. 43-44

O seu primeiro obxectivo era investiga-las causas da decadencia da Agricultura nas sete provincias do Reino de Galicia, “pois coñecida a enfermidade é máis doado atopalo remedio”. Constituíuse cun presidente (o marqués de Piedrabuena), vinte catro académicos e vintenove corresponsais espallados polas provincias do Reino. O seu primeiro secretario foi Bernardino de Lago e, a partir de 1770, Xosé Cornide. A última xuntanza da Academia tivo lugar no remate do ano 1774, e como causa fundamental do seu esmorecemento sitúanse os atrancos financeiros, orixinados pola negativa da *Junta General de Comercio* a que a Academia sostivese as súas actividades cos fondos dun imposto sobre a sal<sup>8</sup>. Se ben nos Estatutos se afirmaba expresamente que os individuos da Academia poderían ser de tódalas clases, os académicos non representaban senón ós grupos sociais de meirandes intereses agrarios no interior da sociedade coruñesa<sup>9</sup>.

Os intereses económicos que priman nesta institución (fronte ós científicos), a súa creación nunha cidade tan pouco agraria como A Coruña, e o seu distanciamento dos labregos (incluída a súa lingua) provocan as duras críticas de Sarmiento, que entre outras cousas afirmaba que “Por mi que se funden 20 Academias, que es la manía de la moda. Pero eso de gravar a los labradores con el más mínimo maravedí de tributo, ninguno debe consentir en ello”<sup>10</sup>.

Outras institucións ilustradas que en Galicia promoveron estudos e onde intentaron agruparse e traballar dun xeito colectivo e organizado algúns sectores ilustrados, foron as Sociedades Económicas de Amigos do País<sup>11</sup> (A de Santiago aprobada en marzo de 1784

---

<sup>8</sup> Os impostos especiais intentáronse usar en varias ocasións para o sostemento de institucións educativas ou científicas, xeralmente sen resultado. Outro exemplo disto foi o intento de utilizar en 1842, como colaboración para o sostemento económico do recién creado Instituto de Lugo, un arbitrio especial sobre o viño consumido na provincia (Ver: Rafael Sisto, *A creación dos gabinetes de Física e Química nos centros de ensino non universitario de Galicia no século XIX. Implicacións científicas e pedagógicas*, tese de licenciatura, Santiago, Universidade de Santiago, Facultade de Química, 1998, p. 62.

<sup>9</sup> Fausto Dopico, *op. cit.*, p. 45.

<sup>10</sup> *Respuesta a la carta que escribió la Junta de Agricultura del Reino de Galicia al R. P. Fr. Martín Sarmiento remitiéndole el nombramiento de académico honorario*, reproducida en Fausto Dopico, *op. cit.*, p. 259-263.

<sup>11</sup> Díaz-Fierros afirma que na Sociedade Económica de Santiago, nos seus primeiros anos, “alentaba un ambiente certamente próximo ó das academias científicas da época, e os intelectuais que nela se axuntaban levaban, polo menos, unha aceptación afervoadada do práctico, da ciencia

e a de Lugo en 1785) e o Real Consulado de A Coruña, creado no remate de 1785, co obxecto de fomentar o comercio e promover a industria.

Durante o XVIII naceran tamén en Madrid e Barcelona as dúas primeiras “Academias” médico-cirúrxicas do Estado e, en 1830, creanse outras semellantes en varias capitais provinciais. Uniformizando o seu funcionamento promúlgase unha Real Cédula en 1831 que fixa o “Reglamento General para el Régimen literario interior de las Reales Academias de Medicina y Cirugía del Reino”<sup>12</sup>

As Academias Médico-cirúrxicas teñen asignado dende aquela o obxectivo básico de fomentar o estudio teórico-práctico da “ciencia de curar”. Establécense academias en Madrid, Valladolid, Santiago (para Galicia e Asturias), Sevilla, Cádiz, Granada, Valencia, Barcelona, Zaragoza e Palma de Mallorca, todas suxeitas á *Real Junta Superior Gubernativa de Medicina y Cirugía* (RJSMC) de nova creación. O regulamento establecía tres clases de socios: numerarios, agregados (os que residen nas cidades e nas cabezas de partido que teñen academias, e que deben enviar noticias periodicamente) e correspondentes, podendo encadrarse dentro destas dúas últimas categorías profesores de Ciencias naturais e de ciencias auxiliares da Medicina e Cirurxía. Moitos destes contidos, curiosamente os menos profesionais, manteranse na Academia de Emulación de Santiago que estudiaremos, pero outros serán claramente novedosos.

Rexéndose por este regulamento nace, por Real Decreto do 31 de agosto de 1831, a *Real Academia de Medicina y Cirujía de Galicia y Asturias*. Establecida inicialmente en Santiago, con 11 socios de número entre os que se atopaban boa parte dos catedráticos universitarios da especialidade, iniciou as súas actividades públicas a comezos do ano 1832. Entre as súas funcións estaban loitar contra o intrusismo, a fiscalización facultativa, a vacinación gratuita (antivaricólica), loitar contra as epidemias, formar coa maior exactitude posible a historia natural e médica das distintas provincias de España e realizar traballos de investigación e intercambio de memorias<sup>13</sup>.

---

empírica, da técnica ou da natureza”. Francisco Díaz-Fierros, “Comezos da ciencia moderna na Universidade Compostelana”, *Compostellanum*, XVI, nº 1-4, 1971, p. 401.

<sup>12</sup> *Real Cédula de S.M. y Señores del Consejo por la que se manda observar el Reglamento general para el Régimen - Literario e interior de las Reales Academias de Medicina y Cirugía del Reino*, Madrid, Imp. Real, 1831, 63 pp.

<sup>13</sup> Antonio Mejjide Pardo, *La Real Academia de Medicina y Cirujía de Galicia y Asturias: creación y primeros años de actividad (1831-1840)*, A Coruña, 1988

No ano 1833 trasladou a súa sede á cidade de A Coruña, nunha decisión que tivo fondas motivacións políticas e que mudou dun xeito radical os seus órganos directivos. Con motivo da inauguración da Academia na cidade herculina, o seu vicepresidente Vendrell de Pedralbes, dictou un discurso no que se reflicte perfectamente cal era a concepción que se tiña destas institucións:

“La ciencia y la civilización están estrechamente unidas con la virtud y la humanidad; siendo el antídoto de los errores, los vicios, y de toda clase de desórdenes. Para logro de tan venturosos designios, nada más útil que el establecimiento de las Corporaciones Literarias. Ellas son como los grandes bancos de los conocimientos humanos, donde se depositan y acumulan para facilitar con su giro su aumento y comunicaciones. El aire científico, lo mismo que el aire atmosférico, necesita movimiento, y circulación, para gozar del provecho de su utilidad, que, si se estanca, se corrompe, y se pierde. Otra ventaja mas ofrecen las Academias, y es la de ejercer una verdadera policia literaria, que es tan precisa para la salud del entendimiento, como la policia médica para la salud del cuerpo”<sup>14</sup>.

Nalgún momento, a lexislación educativa incorporou esta idea das academias de ilustres (institucións de debate e investigación científica) ó funcionamento regrado das facultades, mantendo o carácter pechado e estamental que as caracterizaba. Así, o *Reglamento para la ejecución del plan de estudios decretado por S. M. en 17 de setiembre ultimo*, vixente por Real Decreto do 22 de outubro de 1845<sup>15</sup>, establecía no artigo 126 e seguintes, que os claustros das facultades -formados só polos catedráticos propietarios-, estaban autorizados só a tratar temas relacionados coa ciencia e o ensino, reseñando especificamente, entre outras, as seguintes funcións:

- Conferenciar sobre algún tema ou punto científico previamente anunciado
- Ler memorias escritas polos profesores e discuti-los seus contidos

Estas funcións dos claustros de facultade mantivéronse no Regulamento de 1847 pero desapareceron en planos posteriores.

No Regulamento de Estudios de 1852<sup>16</sup> recóllese, por primeira vez, un intento de vencellar estas academias de notables ó campo da educación. O seu artigo 188 establece

---

<sup>14</sup> J. Francisco Vendrell de Pedralbes, *La Emulación. Discurso inaugural que en la instalación pública de la Real Academia de Medicina y Cirujía de Galicia y Asturias, presidida...* A Coruña, Imp. de Iguereta, 1833, pp. 4-5.

<sup>15</sup> *Gaceta de Madrid* do 31 de outubro e dos días 1, 2, 3, 4 e 7 de novembro de 1845

<sup>16</sup> *Gaceta de Madrid* dos días 17, 18, 19, 20, 21 e 22 de setembro de 1852.

que as Academias (nomeadamente -no seguinte artigo- as Reais Academias Española e da Historia, a de San Fernando e a de Ciencias exactas, físicas e naturais), Bibliotecas, Arquivos e Museos considéranse, a efectos da lei, dependentes do ramo da Instrucción Pública.

Outra das importantes consideracións que o regulamento fai ó respecto é a necesidade da autorización especial do Goberno para establecer academias ou calquera outra corporación que teña por obxecto dicutir ou estudar cuestións relativas a calquera ramo do saber humano. Supoñemos que a orixe desta disposición está na multiplicidade que deste tipo de institucións se crearán nos últimos anos, pretendéndose salvagardar así o seu nivel científico que, en moitos casos, debía deixar bastante que desexar.

### 1.2. *As Academias escolares ou literarias*

As primeiras noticias que temos sobre o establecemento destas academias na Universidade de Santiago, datan da reforma coas *Providencias Reais* de 1752. Ademais da creación de cinco novas cátedras -entre elas a de Matemáticas-, créanse catro Academias, unha para Teoloxía Escolástica e Moral, outra para Cánones e Leis, outra para Matemáticas e outra para Medicina, Cirurxía e Anatomía. Esta disposición semella que quedou en letra morta sen que ningunha das academias chegara a materializarse. Finalmente, a reforma de 1772 conseguiu a fundación das academias previstas<sup>17</sup>.

As fontes documentais consultadas aportan datos contradictorios sobre o funcionamento real das academias escolares durante o século XVIII. Por unha banda, no ano 1791, unha carta orde remitida dende Madrid accede á petición do catedrático de Matemáticas Marcelino Pereira para que non se lle retiren 250 rs. anuais, como se viña facendo, destinados a "satisfacer al Cathedratico de Fisica la alternativa de la presidencia de la Academia de Mathematicas"<sup>18</sup>. Por outra banda, no Arquivo Histórico da Universidade de Santiago existe un libro titulado "Academias Literarias, 1778-1795" no que se dá unha cumprida información do desenvolvemento das academias de Leis e Teoloxía nese período, pero non se fai ningunha referencia ás academias de Matemáticas ou Medicina<sup>19</sup>.

<sup>17</sup> Enrique Martínez Rodríguez, *op. cit.*, p. 37-39.

<sup>18</sup> A.H.U.S (Arquivo Histórico da Universidade de Santiago). Serie Libros de Arquivo, A-26, *Libro de Claustros*, 1786-1799, folio 153

<sup>19</sup> A.H.U.S. Serie Libros de Arquivo, A-149, *Academias Literarias*, 1778-1795.



Para mellor comprender a orixe das academias escolares, debe sinalarse que ata ben entrado o século XVIII, na universidade do antigo réxime, dúas eran fundamentalmente as clases de ensino, a lección ou *lectio*, e a disputa ou *disputatio*. A primeira consistía na lectura dun clásico (xeralmente Galeno e Hipócrates para os médicos, Xustiniano para os xuristas, as coleccións canónicas para os canonistas e os libros santos interpretados por varios autores para a teoloxía), acompañada das explicacións e ampliacións mantidas en latín e tomadas de autores antigos. As disputas consistían na argumentación de xeito siloxístico sobre algúns puntos da doutrina clásica, podendo facerse estas nas clases ordinarias, nos actos académicos máis ou menos solemnes, e tamén nos graos universitarios<sup>20</sup>.

No *Reglamento de Providencias Interinas* dado á Universidade de Santiago en 1816 polos Visitadores (delegados rexios) Teobaldo Rodríguez Gallego (Abade da Real Colexiata de San Isidoro de León) e Antonio José de León (coengo de Mondoñedo), establécese no capítulo oito a formación de dúas Academias con dous moderadores, ámbalas dúas pertencentes á Facultade de Filosofía, e ás que asistirían os alumnos de Lóxica, Metafísica e Filosofía Moral a unha, e os de Matemáticas, Física experimental e Química a outra<sup>21</sup>. Durante a vixencia do plano nomeáronse actuaes para estas dúas academias, correspondendo ós catedráticos escoller, segundo os méritos de cada quen, entre os estudantes que se atopaban nos cursos de grao.

Un exemplo, non sabemos ata que punto significativo, do funcionamento das academias escolares atopámolo na publicación, en 1830, dun discurso lido na Academia de Medicina semella que por Bernardo F. Taboada, bacharel de mérito en Filosofía e Medicina, alumno sobresaínte na mesma cátedra e vicepresidente da academia desa Facultade -segundo reza no impreso<sup>-22</sup>. Defendendo a necesidade de que o médico sexa ante todo filósofo e non sistemático, argumenta a orixe de todas as enfermidades nos “flúidos e nos líquidos” dada a falta de movemento dos sólidos. Máis alá da importancia do contido do texto, este documento informa da existencia de academias escolares neste período no que carecemos doutras referencias.

<sup>20</sup> José Luis Peset, “Educación y ciencia en el Antiguo Régimen”, en José M. Sánchez Ron (ed.), *Ciencia y sociedad en España*, Madrid, Ed. El Arquero/CSIC, 1988, pp. 19-20.

<sup>21</sup> Cabeza de León e Fernández Villamil, *Historia de la Universidad de Santiago de Compostela*, Santiago, CSIC, 1945-1947, vol. 3, p. 60

<sup>22</sup> Bernardo F. Taboada, *A la Excma. Sra. M<sup>a</sup> Isabel de Bargas...*(Discurso da Academia de Medicina de Santiago). Santiago, Of. de Campaña, 1830, 14 pp. [No impreso tamén se cita a Juan Ramón de Barcia, polo que mantemos algunha dúbida sobre o autor da disertación].

O Regulamento de Estudos de 1845, xa citado<sup>23</sup>, no Título IV da terceira Sección, mantén as *Academias dominicais* nas Facultades de Teoloxía e Xurisprudencia. Ademais, coa asistencia de tódolos catedráticos e presididas por un deles en turno rotatorio, a de Teoloxía limitaba o acceso ós estudantes de terceiro ano e sucesivos, mentras que para asistir á de Xurisprudencia requeriase o grao de bacharel da propia facultade.

Os actos da Academia de Teoloxía consistían nunha disertación en latín, lida por calquera dos cursantes de quinto ano ou cursos superiores sobre un tema da facultade, ó que lle facían obxeccións e argumentos os seus compañeiros por espacio dun cuarto de hora cada un. A Academia incluía tamén un exercicio de predicación que un alumno de terceiro ou cuarto facía sobre temas morais. Os puntos fixébanse con oito días de antelación, así coma os cursantes que debían mantelos.

A Academia de Xurisprudencia consistía tamén en dous actos: un discurso dun dos alumnos sobre calquera cuestión da ciencia do dereito na que necesariamente expresaba a súa opinión con fundamentos legais, e na vista dalgún dos expedentes ou procesos vistos na cátedra de sétimo ano. Neste último acto, algúns dos asistentes actuaban como avogados e outros coma xuíces, podendo os restantes asistentes argumentar en contra dos fallos.

O devandito Regulamento non especifica nada sobre as academias das restantes facultades, e non temos constancia que nese período tiveran actividade<sup>24</sup>. No ano 1847, novas disposicións legislativas van propiciar a reactivación das academias literarias da Facultade de Filosofía.

## **2. A Academia Escolar da sección de Ciencias da Facultade de Filosofía**

*O Reglamento para la ejecución del plan de estudios decretado por S. M. en 8 de julio de 1847*, vixente por Real Decreto do 19 de agosto de 1847<sup>25</sup>, modificou moi lixeiramente as *Academias dominicais* das facultades de Teoloxía e Xurisprudencia nos Títulos IV e V

---

<sup>23</sup> *Gaceta de Madrid* do 31 de outubro e dos días 1, 2, 3, 4 e 7 de novembro de 1845

<sup>24</sup> O Regulamento de Estudos Médicos de 1843, que transformou a Facultade de Medicina de Santiago en Colexio médico coa intención de fomentar o seu carácter práctico, tampouco fai ningunha referencia ás academias que poderían estar vencelladas a eses estudos.

<sup>25</sup> *Gaceta de Madrid* dos días 22, 23, 24, 25 e 26 de agosto de 1847

da segunda Sección. Pasaban a ter lugar os sábados -sen por isto anularse a lección que correspondía a ese día lectivo-, manténdose as características e contidos dos actos a desenvolver. Cómpre sinalar que para a Facultade de Xurisprudencia remárcase a obrigatoriedade da asistencia (a ausencia equivalía a dúas faltas ordinarias), e preténdese estimular ós alumnos remitindo as composicións máis notables á Dirección Xeral de Instrucción Pública que, incluso, podería promover a súa publicación.

Con respecto á Facultade de Filosofía<sup>26</sup>, este Regulamento establecía no seu artigo 88 que, no ano preparatorio para as carreiras de teoloxía e xurisprudencia, habería tódolos sábados -sen prexuízo das leccións normais-, unha academia coa asistencia dos catedráticos na que se lerían discursos sobre filosofía, historia e literatura, e tamén poesías se había alguén que as compusera. Outra academia similar terían os escolares do ano preparatorio para as carreiras de medicina e farmacia, lendo disertacións sobre puntos das varias ciencias que cursan. O decano de Filosofía debía presidir sempre estas academias ou, na súa ausencia, o catedrático máis antigo.

Os anos seguintes a estes decretos, que coinciden ademais -como veremos- co período de actividade da *Academia Médica de Emulación*, debeu ser a etapa na que as academias da Facultade de Filosofía funcionaron con maior continuidade, existindo probas documentais que así o atestiguan.

De seguido, imos ver os temas que, agrupados por especialidades, ocuparon a academia da Sección de Ciencias no período comprendido entre o 28 de outubro de 1848 e o 6 de abril de 1850. A academia estaba presidida por Antonio Casares, decano da facultade, actuando como secretario Felipe Teijeiro<sup>27</sup>.

## FÍSICA E QUÍMICA

*Electricidade desenvolvida polo contacto: explicación dalgunha pila de Volta. Fenómenos físico-químicos que poden producirse pola pila. Aplicacións.*

---

<sup>26</sup> A Facultade de Filosofía mantivo ata a aprobación da Lei de Instrucción Pública de 1857 (Lei Moyano), un carácter dependente das chamadas Facultades Miores, subordinado a preparación para eses estudos e sen un claro fin en si mesma. As súas academias son, como se ve, un claro expoñente desta situación.

<sup>27</sup> A.H.U.S., Serie Libros de Archivo, Libro A-158, *Libro 7º de Academias. Actas de Ciencias (1848-49)*

*Principais efectos que o calórico produce nos corpos. Orixe e fontes do calórico. Cauas ás que se atribúe o desprendimento da calor na combustión. Medios principais de producir grandes elevacións da temperatura.*

*Teoría dos números proporcionais. Usos e vantaxes. Proporciós químicas.*

*Combustión: importancia do seu estudio. Teorías de Sthal ou do floxisto, de Lavoisier e electroquímica para explicar a combustión.*

*O carbono e os compostos que forma co osíxeno.*

*Aire atmosférico. Propiedades físicas e composición.*

*Descrición das propiedades e métodos para obter elementos gaseosos, e os compostos gaseosos que se coñecen do carbono, xofre e nitróxeno.*

*Preparación e propiedades dos ácidos osixenados máis importantes formados polo xofre, o fósforo, o arsénico, o nitróxeno, o silicio e o boro.*

*Definición e composición das sales, acción que sobre elas exercen o calórico e a auga, os óxidos e os ácidos. Acción dunhas sales sobre outras.*

*Propiedades físicas e químicas dos metais, bases que Thenard tivo presentes para a súa clasificación. Estado no que se atopan os metais na natureza. Práctica: recoñecemento de metais.*

*Cloro e ácido clorhídrico. Práctica: Recoñecemento dalgúns gases.*

*Caracteres dos metais da primeira sección e das súas sales. Propiedades e preparación da potasa, e do carbonato e do nitrato de potasa. Aplicacións. Práctica: Recoñecemento das sales dos metais da primeira serie.*

*Metais da terceira sección. Propiedades das súas sales. Extracción do zinc, ferro e estaño. Recoñecemento das súas sales.*

*Da afinidade e das causas que a modifican, de combinación e nomenclatura química.*

*Combustión e teorías para explicala. A electricidade e a súa distribución nos corpos da natureza.*

*Auga. A súa composición e distintos estados nos que se atopa na Natureza.*

*Familia dos sulfúridos e as súas principais especies.*

*Caracteres dos carbonatos e dos nitratos, e recoñecemento dalgunha destas sales.*

*Propiedades xerais dos sulfatos.*

*O ácido acético.*

*O alcohol.*

*Materias colorantes, propiedades e preparación do índigo.*

*Ácido nítrico, sulfúrico e hidrocloreto.*

## HISTORIA NATURAL

*División dos corpos na natureza, caracteres que serven para distinguilos e graos de constancia. Importancia das formas regulares nos inorgánicos, grupos á que poden reducirse, explicación das formas fundamentais e indicación dalgúns derivados conforme ás leis de simetría e modificación.*

*Exposición do sistema mineralóxico de Beudant e exame crítico do mesmo.*

*Exposicións das clasificacións xeolóxicas antigas e moderna. Comparación e importancia.*

*Consideracións sobre o aparello dixestivo. Relacións entre desenvolvemento e alimentación nos animais.*

*Conclúíuse que a electricidade e o fluído néveo non eran máis que un, e que as accións excitantes, motrices e orgánicas non recoñecían outra orixe que a de correntes eléctricas, verificándose en sentidos diferentes dende os centros ás extremidades e dende as extremidades ós centros.*

*Da fibra contractil considerada anatomicamente e como instrumento mecánico do movemento.*

*O Sistema zoolóxico de Cuvier comparado co de Linneo.*

*Historia xeral da clase Mamíferos.*

*Da estrutura dos talos vexetais dicotiledóns e o seu medre en altura e diámetro.*

*Exposición dos fenómenos fisiolóxicos da nutrición dos vexetais.*

*Tipos cristalográficos.*

*Clasificación mineralóxicas.*

*Gazolitos: familia dos silícidos, os seus caracteres e descrición dos principais xéneros da familia.*

*Familia dos sulfúridos e as súas principais especies.*

*Teoría dos volcáns.*

*Diferencias entre seres orgánicos e inorgánicos.*

*Sangue, corazón e aparello circulatorio, considerados xeralmente.*

*Nutrición das plantas e dos animais.*

*A organización dos envoltorios florais e as súas funcións.*

*Fecundación dos vexetais.*

*Xeografía zoolóxica.*

Da documentación consultada despréndese que as sesións da academia duraban unha hora e media, e que os contidos eran “guiados” polos profesores, xa que nas actas recóllense expresións do tipo “con las aclaraciones convenientes del respectivo profesor”. Constátase unha activa participación do alumnado que cuestiona as exposicións dos compañeiros. Así, a modo de exemplo, podemos citar que na academia que tratou o primeiro dos temas arriba reseñados (de Física), o expoñente foi interpelado sobre se a electricidade era debida ó contacto ou á acción química dos corpos; na que tratou o tema do calórico, unha das preguntas foi “¿por que se na combinación de dous ou máis corpos hai desprendemento de calor, cando se combina ácido sulfúrico con xeo obsérvase o fenómeno contrario?”<sup>28</sup>

Os temas non se adaptan estrictamente ós programas das materias, detéctase un marcado predominio do carácter aplicado dos mesmos, e salienta a inclusión das actividades prácticas (aínda que supoñemos que na academia serían desenvolvidas teoricamente). Cómpre considerar tamén que nestas academias do curso preparatorio -ó que se accedía ó saír dos institutos<sup>29</sup>-, os alumnos deberían ter unha idade media de 15 ou 16 anos<sup>30</sup>. Os contidos expostos semellan moi elevados tanto para a súa idade como para o nivel de coñecementos que un curso preparatorio debiera abranguer. Sen embargo, debe considerarse que, a partir de 1849, os alumnos non voltaba a recibir ensinanzas científicas de carácter xeral durante a súa carreira, xa que nese ano desapareceron do currículo as materias Historia natural médica e Física-química médica. Só se ó obter a licenciatura

---

<sup>28</sup> *Ibidem.*

<sup>29</sup> Os institutos comezaran a funcionar de xeito xeralizado no curso 1845-46, como consecuencia do chamado Plano Pidal. En Galicia funcionaban dende ese curso os de Ourense, Pontevedra e Santiago (este co carácter de Instituto Universitario), así como o de Lugo que o viña facendo dende 1842. O instituto de Tui tiña categoría de Instituto local, e só impartía os primeiros anos do ensino secundario.

<sup>30</sup> A idade de acceso ós institutos era de dez anos e o plano de estudos abranguíña cinco cursos (Rafael Sisto, *op. cit.*, p. 32). Sen embargo, o único caso que podemos constatar, o do alumno Cesáreo Fernández Losada, nacido en 1831, contaba con 17 anos na súa primeira intervención. Fernández Losada chegaría a ser médico da Real Cámara, fundador do Museo Anatómico e Patolóxico do Hospital Militar de Madrid, e a atender ó xeneral Prim na guerra de África.

se optaba por facer os estudos de doutoramento, debíase aprobar un curso de Análise Química.

No Regulamento de Estudos do 10 de setembro de 1852<sup>31</sup> xa non se fan referencias específicas ás academias escolares, que semellan así cesar na súa actividade. Xa no remate do século, atopamos unhas asociacións de estudantes que nos lembran as vellas academias<sup>32</sup>. Coñecidas como Academias ou Ateneos escolares, a primeira en crearse foi a de Dereito en 1896; no ano 1901 nace a *Academia Médico Escolar* e, ó ano seguinte, o *Ateneo Farmacéutico Escolar*, que acadou os 250 socios en moi pouco tempo. A finalidade destas asociacións é cultural e instructiva, e desenvolven actividades encamiñadas a potenciar a oratoria e completa-la deficiente ensinanza oficial, moi pasiva. Neste sentido, algunha delas pretendía ofrecer certos servizos de apoio á educación, coma biblioteca e laboratorio (no caso da de Farmacia).<sup>33</sup>

En xeral, o labor desenvolvido polas academias ó longo do século pode considerarse positivo, principalmente no que se refire ó tratamento dos aspectos máis novidosos ou conflictivos das ciencias e á potenciación da relación profesor-alumno. A presumible desaparición das academias durante toda a segunda metade do século XIX, levaba a valoracións negativas como a do reputado Rafael Altamira que, ó mesmo tempo, avogaba pola formación de sociedades académicas de profesores e alumnos:

“Separadas y como enemigas las Facultades; separadas también y sin intimidad alguna los maestros entre sí y con los discípulos, siendo aquellos meros preparadores de exámenes, por punto general, y estos solo un número en la lista, desconocido hasta casi el momento del examen, sin otro lazo de unión los mismos que estudian que la mera estancia, breve y nada amena, en las aulas...”<sup>34</sup>

---

<sup>31</sup> *Gaceta de Madrid* dos días 17, 18, 19, 20, 21 e 22 de setembro de 1852.

<sup>32</sup> Isaura Varela, *La Universidad de Santiago 1900-1936. Reforma universitaria y conflicto estudiantil*, Sada-A Coruña, Edicions do Castro, 1989, p. 217

<sup>33</sup> Isaura Varela, *op. cit.*, pp. 214-215.

<sup>34</sup> Rafael Altamira, “Asociaciones escolares”, *Boletín de la Institución Libre de Enseñanza*, 1892, t. XVI, nº 376, pp. 293-300.

Número. 12:

Sábado 21 de Octubre de 1848.

DIARIO DE



SANTIAGO.

## NOTICIAS LOCALES.

-Ayer ha tenido lugar la primera academia de la facultad de medicina de esta Universidad. Después de la elección por suerte de los escolares que tendrán sucesivamente que pronunciar discursos, y presentar argumentos, se procedió á la elección de secretario y vice-secretario, cuyos nombramientos recayeron en el Sr. D. Juan Vázquez Navarro, para el primero, y en el Sr. D. José Rodríguez Ontonaro para el segundo.

-La primera proposición que se presentará en la academia de la facultad de medicina será la siguiente.

Fué de grande importancia é influjo en los adelantos de la ciencia el método nosográfico, y se deben á las diversas nosologías los grandes elogios que se les prodigaron?

Disertará D. Manuel Gomez de la Peña y arguirán los Sres. D. Javier Garcia Gutierrez de 7.º año y D. Tomás Martínez Servida y D. José Pereira y Nieto de 6.º año.

## ANUNCIOS.

La Academia Médica de Emulacion de Santiago al inaugurar su periódico solo tubo el pensamiento de trasmitir á todos los profesores con especialidad á los de Galicia los numerosos casos prácticos que en las clínicas sobre todo quirúrgica se presentasen. Y hoy cuando dicha academia se relaciona con muchas, así nacionales como estrangeras, cuenta con muchos mas elementos para dar nuevo im-

pulso al espresado periódico. Se darán en obsequio de los profesores rurales traducciones de las obras mas escogidas y modernas que en la actualidad se publican. De esta manera se encontrarán los suscritores con un gran caudal de conocimientos y con un restímen importante de las obras mas conocidas por el precio módico de 18 reales por trimestre. Ocupará principalmente nuestro periódico un recetario moderno por el célebre Dr. D. José Varela de Montes. Las memorias clínicas recogidas por los alumnos y discutidas científicamente se insertarán tambien en el periódico, como tambien los casos mas notables del hospital de venéreo y el de házaros de esta misma ciudad. Ultimamente se darán noticias estensas de lo que avanza el cólera, de los estragos que causa y del tratamiento curativo que con mejor éxito se ha empleado. Los que gusten suscribirse, podrán hacerlo en casa del Subdelegado de medicina, ó del de cirugía del distrito, ó bien en esta redacción con una libranza sobre correos.

## NOTICIAS LOCALES.

-Ayer la sociedad médica de emulacion de esta ciudad celebró una pública sesión científica en la cátedra de actos de la Universidad.

O *Diario de Santiago*, xornal de anuncios, publicaba regularmente noticias sobre as sesións académicas, tanto das academias escolares como da Academia Médica de Emulación. As noticias sobre a Academia de Medicina (academia escolar), á esquerda, son dos días 21 e 23 de outubro de 1848. As noticias sobre a Academia Médica de Emulación, á dereita, son dos días 7 de novembro e 4 de decembro de 1848.



### 3. A *Academia Médica de Emulación*: Unha institución universitaria orixinal e novidosa

A *Academia Médica de Emulación* de Santiago desenvolveu a súa actividade entre 1847 (ou remate de 1846) e 1850, como institución vencellada á Facultade de Medicina da Universidade de Santiago pero cun carácter aberto e interdisciplinar. Distanciábase na súa orixe e funcionamento tanto das academias escolares como das academias corporativas formadas exclusivamente por especialistas, aínda que mantivese elementos comúns a ámbalas dúas. Por unha banda participaba dos fins que se propuxeran a maioría das academias ilustradas e médico-profesionais, mentras que pola outra mantiña un carácter moi aberto, establecendo canles para a participación como socios na mesma -se ben con distinta categoría-, de profesores, bachareis e estudantes que tivesen aprobado o 3º curso de Medicina ou fosen licenciados en cirurxía. Así mesmo permitiu que os profesores das “ciencias auxiliares” poideran ter a mesma categoría que calquera catedrático de medicina dentro da Academia.

Cando a Academia de Emulación inicia a súa actividade, hai só dous anos que o Plano Pidal establecera unha sección de Ciencias, autónoma, dentro da Facultade de Filosofía, pero na que os estudos seguían tendo un contido eminentemente preparatorio para a Facultade de Medicina. Esta vinculación casi obrigada de todos os profesores de materias científicas á Facultade de Medicina (a de Farmacia non se inaugurarán ata 1857), pode ser a causa fundamental que provoque a interdisciplinaridade, tanto na formación dos participantes como nas actividades desenvolvidas). Como veremos, máis que unha obrigada convivencia, deuse unha ampla e fructífera colaboración.

A *emulación* é un concepto moi utilizado na época, de grande vixencia, e defendido como método educativo e de interrelación entre os estudosos e investigadores. Unha das súas máis claras concrecións atopámola no Boletín Oficial do Ministerio de Comercio, Instrucción e Obras Públicas<sup>35</sup>. Aínda recoñecendo que ten as súas vantaxes e inconvenientes, recoñécese como un dos máis utilizados no ensino primario e secundario, manifestando que a súa carencia conduce á indolencia universal. Buscando un punto intermedio de verdadeiro proveito, afirmase que querer destruí-lo instinto do home por exercer-la superioridade é tan esteril como insensato, e querer exaltalo pode ser perigoso en grande maneira.

---

<sup>35</sup> “Métodos de enseñanza. De la Emulación”, *Boletín Oficial del Ministerio de Comercio, Instrucción y Obras Públicas*, t. III, 1848, pp. 77-79

En toda a lexislación educativa que vai de 1845 a 1857 pódense atopar regulacións pormenorizadas dos concursos e premios que, de xeito obrigado, debían de realizarse durante os cursos académicos (fundamentalmente na segunda ensinanza), e que son a plasmación máis práctica e definidora do método emulativo (e que dá idea da súa integración no sistema educativo). A este respecto, o devandito artigo de opinión sinala que o traballo de cada día e os méritos conqueridos nas competencias periódicas deben ser valorados, pero que tal cuestión non debe conducir á minusvaloración da aplicación diaria dos alumnos menos brillantes. A redución do número de competicións emulativas e a imparcialidade e tino dos encargados de concede-los premios, propóñense como solucións á xeralizada aplicación nas aulas dun método que -semella- empezaba a crear importantes distorsións.

A actualidade e importancia do carácter emulativo reflíctese tamén claramente no discurso do Dr. Vendrell de Pedralbes na Academia de Medicina de Galicia e Asturias, creada case vinte anos antes que a Academia Médica de Emulación, e titulado así, *La Emulación*. Nel afirma que en toda sociedade hai, entre os individuos, unha certa semellanza e unha certa competencia; a primeira asegura a estabilidade, a segunda afianza os progresos. E prosegue:

“Y así propongo a esta naciente Academia, para que viva y viva con gloria, que fomente en su seno la Emulación noble y discreta, sin envidia, sin malignidad, que sacrifica el egoísmo a la benevolencia y que, en premio de su trabajo, solo aspira al honor personal, y al bien público”<sup>36</sup>

O concepto de emulación vai para el unido a unha certa semellanza, xa que “non pode haber emulación onde existe excesiva diferenza ou invencible distancia, porque a imposibilidade non debe ser obxecto de conato racional”.

Despois do dito con anterioridade, semella claro o por que a Academia Médica asume o calificativo *de Emulación*. Consecuentemente, os seus estatutos recollen en todo un título as disposicións destinadas a regulamenta-la convocatoria e concesión de premios. Outras academias tamén obtaron por incluír o termo *emulación* nos seus nomes e ese espírito emulativo nas súas prácticas, podéndose citar entre elas o *Instituto Médico de Emulación*, de Madrid, activo polo menos durante o curso 1842-43.

---

<sup>36</sup> J. Francisco Vendrell de Pedralbes, *op. cit.*, pp. 5-6.

### 3.1. *Carácter e obxectivos da Academia*

Entre as circunstancias que puideron determina-lo nacemento da Academia, e conferirle ese carácter diferenciado que comentamos, poderían estar:

- A presenza en Santiago dende 1836 de Antonio Casares, que coa súa integración na Universidade dende 1840 e, fundamentalmente, tralo seu nomeamento coma catedrático de Química en 1845, vai cobrando un grande protagonismo na vida científica de Santiago, a pesar da súa xuventude.
- A existencia dun persoeiro de recoñecido e unánime prestixio dentro e fóra de Galicia, Varela de Montes, capaz por unha banda de dirixir, quizás simbolicamente -pero sen discrepancias-, un grupo científico xove e diverso, e por outra banda, de permitir, mediante os seus contactos fóra de Galicia, o contacto coas institucións e a actividade científica en xeral.
- A chegada a Santiago dun grupo de persoas de fóra, activas e con coñecementos prácticos -fundamentalmente cirúrxicos-, que se saían do común da clase médico-académica de Santiago. González Olivares e, en menor medida, Vicente Guarnerio e Andrés Laorden, deberon supor un forte revulsivo e un modelo para un grupo amplo de recién licenciados que se sumaron con entusiasmo a unha actividade científica, non pechada, ata aquela descoñecida.

Un dos trazos máis definitorios do carácter da Academia era a súa propia composición, na que tiñan cabida catro tipos de socios: de mérito, de número, supernumerarios e correspondents. A categoría de mérito reservábase para os profesores distinguidos en medicina ou cirurxía e as súas ciencias auxiliares<sup>37</sup>, nomeados previa votación secreta. Podían ser socios de número todos os Bachareis da Facultade de Medicina de Santiago e os alumnos de Medicina que foran licenciados en Cirurxía. Para ser socio supernume-

---

<sup>37</sup> Esta é unha primeira diferenza importante con moitas das institucións en principio similares: o feito de que un non médico puidera formar parte dela como socio de mérito. De feito, o químico Antonio Casares -boticario de formación, aínda que acabou licenciándose en Medicina en 1872, con 60 anos-, foi un dos membros máis activos da Academia.

A súa pertenza a outras sociedades científicas, reseñada no seu expediente persoal (A.H.U.S., Serie Expedentes persoais, *Antonio Casares*, cartapacio 219), infórmanos doutras institucións médicas que admitían non médicos no seu seo (en distintas categorías): socio correspondente da Academia de Ciencias médicas de Lisboa, socio de mérito da Academia Cirúrxica mallorquina e socio de Honor e mérito da Academia de Esculapio da Corte.

rario só se requería ser alumno da Facultade de Medicina e ter aprobado o terceiro ano, circunstancia esta claramente diferenciadora doutras institucións similares e que permitía realmente a utilización da Academia como un recurso do ensino<sup>38</sup>. A categoría de socio correspondente estaba moi aberta, permitindo o acceso a practicamente tódolos relacionados coa especialidade, coas únicas obrigas de contestar ós informes pedidos pola Academia e a de elaborar unha memoria anual sobre calquera punto de carácter científico.

O obxectivo declarado da *Academia Médica de Emulación* eran o de promover os adelantos da xuventude que se adicaba á ciencia de curar, excitar neles unha nobre emulación e difundir os coñecementos científicos dos profesores.

A Academia pretendía o mantemento dun arquivo onde se conservasen os libros de actas e dunha biblioteca que se ía formando coas memorias e traballos realizados polos socios. Non temos constancia de que este proxecto chegara a concretarse ou, en todo caso, de que se conserven hoxe en día.

### **3.2. As actividades da Academia**

A *Academia Médica de Emulación* de Santiago debeu iniciar as súas actividades nos últimos meses do ano 1846 ou, máis probablemente, a primeiros de 1847, xa que en marzo de 1848, no primeiro número do seu periódico, aparece a reseña da apertura do 2º curso de vida (o 1847-48). Existe constancia documental da súa continuidade ata o 17 de setembro de 1850. Despois desta data, se ben a maioría dos compoñentes da Academia seguiron traballando en Santiago, incluso con actividades conxuntas coma o novo periódico titulado *Revista de Ciencias Médicas* (abril 1856 - xaneiro 1857, 17 números), non se volve a ter noticias de que continuase a actividade da Academia.

As circunstancias que determinaron que a Academia deixase de funcionar semellan máis externas que internas; de feito, no último número do seu boletín faise referencia ás reformas á que pode obrigarse na Academia o novo plano de estudos<sup>39</sup>. Todo indica que se mantivo a colaboración científica entre os socios, se ben a marcha de Vicente Guarnerio en 1850 e a de Andrés Laorden pouco despois, deberon supor baixas considerables.

---

<sup>38</sup> Esta circunstancia cobra máis valor en tanto que a Academia non renunciou en absoluto, como veremos, a ser a porta de entrada da investigación científica moderna na Universidade de Santiago.

<sup>39</sup> Refírese o Plano de Estudos aprobado por Real Decreto do 28 de agosto de 1850. No artigo 71 establécese que todas as Academias han de someterse ás directrices dun Regulamento que o Goberno establecerá, ó tempo que se precisa un permiso especial para a súa creación.

## REGLAMENTO

PARA EL RÉGIMEN CIENTÍFICO, ECONÓMICO Y GUBERNATIVO

DE LA

ACADEMIA MÉDICA DE EMULACION

DE SANTIAGO.

### TÍTULO 1.º

#### DEL NOMBRE Y OBJETO DE LA ACADEMIA.

ART. 1.º Se titulará *Academia médica de emulacion de Santiago*.

2.º El objeto de esta Academia es promover los adelantos de la juventud que se dedica á la ciencia de curar, escitar en ellos una noble emulacion, y difundir los importantes conocimientos de los profesores en la ciencia.

3.º Será protector nato de esta Academia el Sr. Rector de esta Universidad.


### TÍTULO 2.º

#### DE LOS SÓCIOS Y SUS CLASES.

4.º La Academia se compondrá de cuatro clases de socios, que serán, 1.ª de mérito: 2.ª de número: 3.ª de supernumerarios: y 4.ª corresponsales.

5.º Serán socios de mérito todos los profesores distinguidos en medicina ó cirugía y sus ciencias auxiliares, que la Academia, á propuesta de la Junta de gobierno nombra-se, prévia votacion secreta y sin discusion.

6.º Serán socios de número, todos los Bachilleres de la facultad de Medicina de Santiago, que lo pretendan: los alumnos pertenecientes á la misma, aun sin estar adornados



As sesións públicas, que discurrían entre outubro e xuño, tiñan periodicidade mensual e nelas podían intervir tódolos concurrentes, tomando parte na discusión da materia proposta. Celebrábanse os primeiros domingos de cada mes, ás doce da mañá, no salón de actos da Universidade (enténdese que no actual Paraninfo). Ás sesións privadas eran semanais, e a elas podían concorrer todo tipo de socios, agás que tiveran carácter extraordinario non científico. O director-presidente das sesións era elixido en cada sesión entre os socios de mérito asistentes, e non tiña por que coincidir con algún dos cargos directivos da Academia.

Os socios de número formaban cinco seccións, unha de goberno e catro científicas, e cada unha das seccións debía programar, cando menos, dez temas científicos de traballo cada ano. Os socios debían adscribirse individualmente a algún dos temas. Mediante sorteo designábase a orde de exposición pública dos temas na Academia.

De xeito ilustrativo, reseñaremos os cargos directivos da Academia electos o 28 de outubro de 1848:

Director: José Varela de Montes

Presidente do goberno: Benigno López Sanmartín

Vicepresidente: José Adrán y Cornes

Contador: Manuel Corral Delgado

Secretario: Pedro Mosquera Fachado

Vicesecretario: Manuel Sanjurjo

Tesoreiro: Manuel Caballero Villar

A Academia fixábase nos estatutos a obrigatoriedade de convocar polo menos un premio anual, ó que os socios puideran presentar os seus traballos elaborados *ad hoc*.

### **3.3. Os debates da Academia**

A temática tratada nas sesións públicas da Academia foi moi variada, primando, eso si, os temas de medicina práctica (coa exposición de numerosos casos clínicos) e de filosofía médica. Os debates eran moi vivos e participativos, de xeito que en varias ocasións tivéronse que apraza-los debates ata a seguinte sesión (extraordinaria) por falta de tempo.

Os socios que con maior asiduidade asistían ás Academia eran, segundo se desprende dos resumos das sesións recollidos na Revista: Larriva Esgueba, Vicente Guarnerio, Andrés Laorde, Sangrador, López, Rodríguez, González Olivares, Pintado, Juan Baeza e Rivera, todos eles de mérito, e os numerarios: Caballero Villar, Adrán, Calzada,

Seoane e Mosquera. A asistencia dos supernumerarios (alumnos dos últimos cursos que tiñan dereito a intervir nas sesións), era sempre moi numerosa.

A desaparición dos libros de actas da Academia<sup>40</sup> fai moi difícil facer un seguimento dos temas tratados nas súas sesións. Dos resumes que, de xeito irregular, aparecen na Revista da Academia, poden sacarse algúns dos temas tratados durante o seu segundo e terceiro ano de funcionamento:

*Experientia et ratione veritas*. Sobre as febres, moi discutido

A decollación de fémur

O médico non debe nunca estar autorizado para provocar un aborto

A gangrena espontánea (Nomeouse comisión de estudio)

A sanidade e o benestar dos pobos

O cólera (Nomeouse comisión de estudio)

¿Poden darse enfermidades independentes de alteracións primitivas dos sólidos ou dos líquidos que constitúen o noso organismo?

Endexamais pode ser útil o método Rassori no tratamento das pulmonías

Cando algún dos temas acaparaba o interese xeral e se vía a posibilidade de afondar no seu estudio, na propia sesión nomeábase unha comisión encargada de elaborar unha memoria que logo debían presentar publicamente.

Aínda coas poucas referencias que temos sobre os temas tratados, cómpre facer algún comentario. Por unha banda, chama a atención que a Academia trate nunha sesión pública un tema como o do aborto, sobre o que semella que, xa nesa época, existían posicións enfrontadas dende o punto de vista médico. Por outra banda, debemos sinalar que o tema das alteracións dos sólidos e os líquidos en relación coa orixe das enfermidades, acocha a oposición entre as teorías vitalistas fronte as organicistas (defendidas por Manuel Caballero na súa exposición), e que foron tamén causa dun vivo debate. Cuestións en principio tan concretas coma a referida ó método de Rassori, serviron para pro-

---

<sup>40</sup> Os estatutos da Academia establecían a obrigatoriedade de dous libros de actas: un de socios, cos datos persoais e traballos realizados para a Academia, e outro de sesións, tanto para as públicas coma para as privadas de carácter científico ou económico gubernativo. Sen embargo, a pesar da revisión de fondos documentais do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago (A.H.U.S.) e do *Archivo General de la Administración* (A.G.A) en Alcalá de Henares, non puideron ser atopados.

voca-la rápida contestación dos defensores da medicina práctica fronte á teórica, dos contrarios ós anatemas.

Un dos feitos que mellor simbolizan o espírito científico e moderno que rexía na Academia, acóchase baixo un título pouco chamativo, como “A decollación de fémur”, memoria lída por José González Olivares<sup>41</sup>, unha das persoas máis relevantes da corporación. A pesar de ser a primeira vez que interviña na Academia, expón pomenorizadamente toda a súas actuación nunha operación con resultado de morte, aclarando:

“Al presentarme ahora en este recinto, apreciables comprofesores, jóvenes distinguidos, no me mueve la vana y ridícula pretensión de comunicaros unha idea nueva, un hecho desconocido .../... Tampoco os voy á comunicar un hecho feliz con el que quisiera deslumbraros. Los hechos felices aprovechan solo al que le acontecen: un hecho desgraciado, uno de aquellos sucesos terribles que suceden por desgracia á los que consagramos nuestros desvelos, nuestras tareas, la existencia, en fin, á la ciencia de curar, á esta ciencia sublime, divina, que nos impone la necesidad de luchar siempre con la muerte .../... Mueveme empezar por aquí mis tareas la consideracion de que los sucesos desgraciados proporcionan tal vez mas instruccion , ventjas mas positivas que los felices. Se aprende mas en la desgracia que en la fortuna.”<sup>42</sup>

Sen embargo, esta novidosa e rupturista actividade científica tamén debeu levantar algunhas suspicacias, pois neste mesmo artigo, despois de alabar os traballos da academia e, en especial, o comportamento dos máis xoves, apunta:

“...Este comportamiento, que no se podrá alabar jamás, está dando una lección terrible á aquellos que sordos todavia al progreso científico y á la tendencia irresistible del siglo, se sostienen reacios en contribuir al sosten y mejoras de la Academia de emulacion de Santiago.”

### **3.4. O periódico da Academia**

No voceiro da Academia é onde mellor se ven os froitos científicos da súa actividade. O primeiro que cómpre salientar é que esta é a primeira publicación periódica coa que

---

<sup>41</sup> González Olivares (1802- ¿?), natural de Oviedo, chegou a Santiago no ano 1839 co cargo de *Disector Anatómico*. En Novembro de 1843 tomou posesión como catedrático do Colexio de Prácticos de curar de Santiago, posto que ocupa ata que en 1845 obtén a praza de catedrático Patoloxía cirúrxica. Despois ocupa sucesivamente as de Obstetricia e Males propios dos nenos e do sexo feminino e a de Clínica cirúrxica. En 1858 trasládase a Valladolid, rematando así case vinte anos de docencia ininterrompida en Santiago.

<sup>42</sup> González Olivares, “Operacion de decollacion de fémur”, *Revista Médica*, nº 4, 1848, pp. 54-61.



conta a Universidade de Santiago, e unha das primeiras de Galicia nas que se tratan temas científicos con regularidade<sup>43</sup>. A estrutura e tratamento dos temas é moi moderno, similar ó que mantivo nas revistas científicas ata ben entrado o século XX, e aínda bastante similar ó da actualidade.

A *Revista Médica*, subtitulada *Periódico de la Academia de Emulación de Santiago*, publicou o seu primeiro número o 1 de marzo de 1848, cando xa levaba un ano de funcionamento. Despois de 61 números, o primeiro de setembro de 1850, deixou de publicarse, en principio temporalmente. Como xa dixemos con respecto ó funcionamento da Academia, as disposicións lexislativas deberon ser a principal causa.

O periódico naceu coa vocación de dar cabida a todas as opinións, sen por iso deixar de representar a opinión propia da Academia. Informa textualmente<sup>44</sup> que admitirá as opinións nobremente presentadas e científicamente tratadas, por mais que non sexan as opinións da Academia.

Os obxectivos declarados da revista son difundir os importantes descubrimentos e as verdades de grande importancia sancionadas pola experiencia; recoñecer os traballos científicos que tenden á mellora do estado da ciencia, a simplificar pos seus métodos, a demostrar a súa certeza; saber como pensan os médicos españois, saber como pensan os estranxeiros e deducir consecuencias altamente humanitarias<sup>45</sup>.

A Revista non ten unhas seccións absolutamente fixas, pero mantén unha certa estrutura estable no tempo. En cada número incorpora entre dous e catro artigos de investigación, case na súa totalidade desenvolvidos por profesores da Universidade de Santiago<sup>46</sup>, unha sección fixa titulada *Revista de Periódicos Estrangeros*, e despois, segundo os números, noticias das sesións da Academia, unha sección de *variedades*, o estado xeral

---

<sup>43</sup> Aínda que o seu obxectivo fose totalmente distinto e, loxicamente, o nivel científico non teña nada que ver co da *Revista Médica*, cómpre salientar a publicación *Semanario Instructivo*, periódico de agricultura, ciencias naturais e artes, dirixido por José M<sup>o</sup> Rey, que foi publicado baixo a protección da *Sociedad Económica de Amigos del País* de Santiago. Temos coñecemento da publicación de 27 números, entre marzo e agosto de 1838, nos que van aparecendo novas científicas tomadas de revistas estranxeiras e artigos propios de divulgación científica, asinados coas iniciais dos seus autores.

<sup>44</sup> *Revista Médica. Periódico de la Academia de Emulación de Santiago*, nº 1, 1848, p. 2

<sup>45</sup> *Ibidem*.

<sup>46</sup> Hai algúns, moi poucos, de profesores de fóra ou de médicos galegos non vencellados á Universidade.

das clínicas médicas (con datos estadísticos moi precisos), revista das salas do Hospital Real, ou avisos diversos

Progresivamente faise máis importante e permanente unha sección de Cirurxía práctica na que, normalmente os profesores axudantes ou os alumnos dos últimos anos, relatan pormenorizadamente as operacións cirúrxicas máis complexas.

Os autores que teñen unha presenza máis importante e continuada na Revista son: José Varela de Montes, Antonio Casares, Andrés Laorden, José González Olivares, Manuel Pintado, Juan Baeza e Fernández Carril.

As investigacións presentadas son, polo xeral, de gran relevancia e interese. A maioría responden ou son resultado dun labor práctico novidoso, aínda que tamén hai unha gran aportación teórico-filosófica que desenvolve, case en exclusiva, Varela de Montes. De seguido, pasamos a salientar algúns dos aspectos máis significativos da revista dende o punto de vista dos seus contidos, das áreas de investigación e das aportacións complementarias. Co obxecto de non facer deste estudio unha recopilación sistemática de datos, intentamos -na medida do posible-, categorizar actividades e agrupar investigacións, de xeito que isto posibilitara unha avaliación globalizadora e comparativa.

- A Revista Médica foi unha das canles de difusión da investigación sobre os anestésicos, realizada interdisciplinarmente e de xeito pioneiro no Estado, por Antonio Casares, Andrés Laorden, González Olivares e Vicente Guarnerio.

Tras coñecerse en España a utilización do cloroformo na anestesia xeral por inhalación, realizada en novembro de 1847 por James Young Simpson, os tres médicos citados asistiron no laboratorio de Casares ó ensaio de cloroformización sobre un can e sobre o propio Casares, o 19 de decembro. O feito de que ó día seguinte Olivares e Guarnerio efectúen os primeiros ensaios clínicos co cloroformo nos quirófanos do Hospital Real (que xunto cos realizados por Mendoza ese mesmo día en Barcelona foron os primeiros no Estado Español<sup>47</sup>) é importante, pero moito máis o é que estes catro profesores, dende puntos de vista en xeral complementarios, publiquen as súas experiencias.

Os artigos elaborados individualmente por este grupo de investigación, foron recollidos na práctica totalidade da prensa científica do Estado e mesmo reseñada en numerosos xornais de temática xeral.

---

<sup>47</sup> Franco Grande et al., *op. cit.*, passim.

Na *Revista Médica* recolleuse un primeiro artigo de Laorden sobre este tema, notas detalladas sobre as operacións realizados por eles co anestésico<sup>48</sup>, unha investigación posterior de Juan Magaz, e numerosas reseñas estadísticas sobre a aplicación do cloroformo. Os anestésicos seguiron sendo un tema de estudo, e na Revista recóllese tamén comentarios feitos con posterioridade de ensaios con novos anestésicos propostos, como o vapor da aldehida.

- Na revista salientaron, pola súa numerosa presenza e pola súa calidade, os artigos sobre química e fisioloxía química. Antonio Casares publicou máis de dez, complementando este eido as aportacións de Gaultier de Charay e Juan Magaz.
- A Filosofía Médica mantivo unha presenza case constante na *Revista Médica*. Varela de Montes aparece en máis da metade dos números publicados con artigos sobre os sistemas e as doutrinas, participando tamén neste campo aínda que dende un punto de vista máis práctico- González Olivares.
- Algúns dos cirurxiáns que formaron parte da Academia destacaron pola utilización de técnicas moi novidasas<sup>49</sup>. Neste campo salientan as auto-plastias, rinoplastias e *cheylo-plastias* practicadas por González Olivares, que deron lugar a catro extensos artigos na *Revista Médica*.

Este campo de investigación sobre técnicas cirúrxicas novas, completouse coas aportacións de Guarnerio e cos numerosos artigos que dentro da sección de *Cirujía práctica*, ou fóra dela, asinaron principalmente: José Adrán, Fernández Carril, Pedro Mosquera ou o propio Olivares.

- Dende a *Revista Médica* promoveuse a creación de herbarios con criterios científicos, que posibilitaran a elaboración dunha Flora de Galicia aínda non realizada na época. Difundíronse as técnicas básicas para a elaboración de herbarios e tentouse fomentar a colaboración entre os especialistas.
- A *Revista Médica* difundiu algúns libros en fascículos, acompañando cada número, como os *Recuerdos botánicos de Galicia. Ó ligeras noticias sobre las plantas obser-*

---

<sup>48</sup> Por exemplo Juan Baeza, "Revista de la Clínica de Cirugía especial", *Revista Médica*, nº 7, 1848, pp. 141-144, na que relata a primeira operación de Guarnerio realizada co cloroformo.

<sup>49</sup> A modo de exemplo podemos citar as amputacións de mama con baleiramento ganglionar da axila (técnica que tardaría aínda moitos anos en sistematizarse como práctica cotián) ou a decollación de fémur seguindo o método de Dupuitré, práctica sobre a que existían referencias moi escasas nas publicacións médicas internacionais.

*vadas de paso en este antiguo Reino*, do recoñecido botánico -galego de orixe-Miguel Colmeiro.

A partir de 1856 o traballo científico do grupo foi esmorecendo, posiblemente pola dispersión de varios dos seus membros, pola avanzada idade dalgúns poucos, e pola progresiva incorporación ás tarefas administrativas de outros<sup>50</sup>. A actividade científica desenvolvida na Universidade de Santiago a mediados do pasado século, e reflexada na *Revista Médica*, non ten igual ata ben entrado o século XX, Será arredor da revista *Galicia Médica*, sobre 1912, cando se volva a nuclear en Santiago un equipo humano capaz de trascender co seu traballo o marco bastante pechado da Universidade.

---

AÑO DE 1850.

1.º DE SETIEMBRE

NÚMERO 61.

---

# REVISTA MÉDICA,

PERIÓDICO

DE LA ACADEMIA DE EMULACION DE SANTIAGO.

---



ACADEMIA MÉDICA DE EMULACION DE SANTIAGO.

SESION GUBERNATIVA DEL 17 DE SETIEMBRE.

—:—

Teniendo que á consecuencia del art. 71 del nuevo plan de estudios, haya que verificar algunas reformas en esta Academia, la Junta de gobierno de acuerdo con el Sr. Director determinó, suspender provisionalmente la publicación del periódico.—P. A. D. L. J. el Srio. gcal.—*Casimiro Pardo*.

Cabeceira do último número publicado do Periódico da *Academia Médica de Emulación de Santiago*

---

<sup>50</sup> Por exemplo, Antonio Casares foi o encargado de organiza-los estudos da nova Facultade de Farmacia, e ocupou o rectorado en varias ocasións.